



ANUNCIO

Asunto: PRÓRROGA DA LISTA DE ASPIRANTES A TRABALLADOR/A SOCIAL

Faise público que en data 30.10.2024 ditouse a Resolución da Alcaldía núm. 1405/2024 cuxa parte dispositiva, no que aquí interesa, dispón:

“PRIMEIRO.- Prorrogar a lista de aspirantes aprobada pola Resolución da Alcaldía núm. 699/2020 por un período dun ano, rematando así a súa vixencia o 31.12.2025.

SEGUNDO.- Publicar un anuncio relativo á presente resolución no taboleiro de edictos e na páxina web do concello aos efectos do previsto no punto 8.7 das bases.

TERCEIRO.- Contra a presente resolución que pon fin á vía administrativa poderá interpoñerse potestativamente o RECURSO DE REPOSICIÓN ante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes, significándolle que se interpón o recurso de reposición non poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se teña producido a desestimación por silencio administrativo do recurso de reposición interposto.

Transcorrido un mes desde a interposición do recurso potestativo de reposición sen que se lle teña notificado resolución expresa, entenderase desestimado por silencio administrativo e quedará expedita a vía contencioso-administrativo podendo interpoñerse o recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado Contencioso-administrativo de Ferrol, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da notificación da resolución expresa do recurso de reposición, ou no prazo de seis meses contados desde o día seguinte ao de aquel no que se teña producido a desestimación por silencio administrativo do recurso de reposición interposto.

Non obstante, poderá impugnar directamente a resolución ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa (artigo 123.1 da Lei 39/2015). A tal efecto, poderase interpoñer RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO, no prazo de dous meses, ante o Xulgado Contencioso-Administrativo de Ferrol, sen prexuízo de que poida exercer calquera outro recurso que se estime pertinente.”

En Fene, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. alcalde Juventino José Trigo Rey.

C-0
096
150
P-
E-
C.T.